


Núm 103

Tomo 9.º

nós



CASTILLO



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península · 8'00 pesetas.
Fora da Península · 8'00 ·
Número solto · 0'70 ·

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

CANCIONEIRIÑO DE COMPOSTELA

ESCOLMA E ANOTACIÓN DE

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE, DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárgos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 25 de Xulio do 1932 ★ Núm. 103

CANCIONEIRIÑO DE COMPOSTELA

Escolma e anotación de

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE, do Seminario de Estudos Galegos

LIMIAR

N'esta diada de galeguidade, en que toda a Terra Galega, ergueita n'un pulo baril de rexurdimento, esalta as lembranzas da súa hestoria e folga no ensoño dos seus degoiros, NÓS quer escolmar unha abada lírica de poemas composteláns, en loubanza da nosa cidade sagra, canle e sorbedoiro dos nosos anceios.

En alaudos de Compostela enchen hoxe as nosas páxinas a ourivesaría dos segreles, os labrados milagreiros das Cántigas, as lucencias da noitada barroca, o raiar de abrente dos precursores, o palor estelar de Rosalía, i-este vizoso frolecer de agora, que orballa de espranzas o espírito de Galicia.

Cada arbore de este noso pomariño lírico ten a súa caste i-a súa hestoria; cada avenza de esta nosa grea de roxelos galegos tivo dono de seu e chouza propia; cada regueiro d'esta fontela compostelán percorreu as cortiñas dos máis lonxanos lugares da nosa Terra. Pero en todo, n'un largo de oito séculos, atopamos a presenza vital do espírito inmorredoiro da Cidade, «espello de todol-os camiños, camiño de todol-os pensamentos».

Hoxe, esquecido o paso dos homes i-o fuxir das modas, a ensoñar nas antergas roitas da Cidade, detido un intre o percorrer do tempo, debullemos sobre Compostela, berce e sartego, nai e filla, dona e ancela, estas doas arrincadas da rosa de cen follas da nosa lírica: follas cheirentas e follas maceladas, follas murchas e follas roxentes, pingotas do sangue sagra da nosa Galicia inmorredoiro.

Ei, Terra.

OS CANCIONEIROS

Por un complexo de causas hestóricas, a Compostela do medievo románico ollóu xurdir no seu seo dous feitos cumes na hestoria das artes: a escola escultórica de Mateo e a escola literaria dos Cancioneiros; feitos composteláns que participan á un tempo do carácter ecuménico da cibdade e da súa posición, verdadeiramente creadora, na cultura galega.

Compostela coñeceu unha poética galega, enxebre, nos albores do noso espallamento literario. O burgués compostelán *Palla*, representou na corte de Alfonso VII, co seu rol —«Domini Imperatoris Joculator»—, a presenza das nosas tendencias autóctonas, encarnadas máis tarde por Bernal de Bona-val e por cantos xograres e trovadores resistiron os influxos occitánicos.

Compostela, fito das estradas da Europa n'aquel tempo, foi o punto de contacto entre aquela maneira lírica e as correntes vindas de fora. O camiño de Sant-Iago trouxo cara nós un regueiro de xograres de todas as terras, e entre eles, impúxose ben axiña o influxo dos xograres da Occitania, pelerijños como *Marcabrú*, acompañantes dos grandes señores que facían a romaxe ou cortesáns de D. Ramón de Borgoña, un dos moitos fíos que baixo a providencia cluniacense avencellaron o noso pobo á cultura provenzal á través do «camiño francés».

Así, a nosa vila non só foi o cruxol onde se fundiron xeitos e maneiras, onde se compenetraron o noso e o importado, senón que soupo impor, co seu domiño espiritual sobre as terras percorridas pol-as longas estradas da romaxe, a nosa lingua, deica lograr que compartise co provenzal a hexemonía poética do Occidente románico.

O Cancioneiro da Vaticana é, entre os que escolmaron e gardaron o froito de aquel froreecer lírico, un cancionero compostelán. Pois n-él atopamos un gran número de poetas santiagueses, pol-a nacencia, pol-a vecinanza, pol-a romaxe ou pol-o espírito, e unha abada de lembranzas que forman, por si

soias, a mellor antoloxía poética da nosa cibdade. Os dous feitos avalan a tesis de Cotarelo, de que este Cancioneiro debeu ser colexido na mesma Compostela.

Entre os poetas recoñecidamente composteláns da Vaticana, compre lembrar, na corte de San Fernando, á *Bernal de Bona-val*, o máis vello segrel galego de obra coñecida, que, como dixemos, mantivo as formas inxenuas fronte á avanzada provenzal; o burgués troveiro *Abril Perez*, que con el tensoú; quizáis o torpe e descoñecido *Sueiro Eans*, pito caíro da rodada trovadoresca; *Martín de Cornes*, que sufriu as vaías de *Pero da Ponte*; quizáis tamén á *Alfonso Eans Colón*, o fidalgo desgarrado, que morreu á mans de un compañeiro de xogarí.

E logo, a *Airas Nunes*, autor de deliciosas bailadas sobre temas enxebremente paralelísticos, que na corte de Alfonso X colaboraría co rei nas Cántigas de Santa María; o *Mestre Lourenzo*, que, anque de orixe portugués, sería músico da nosa catedral; os irmáns *Eans Mariño*, acaroados por tantos tiduos á Compostela; *Xohán Airas*, que soubo, como ningún, revelarnos as preocupacións da sociedade santiaguesa do seu tempo; *Xohán Vasques*, cantor de María Leve, veciña da «moeda vella», cicais identificabre co Balteira, a máis famosa soldadeira que pasou por Sant-Iago; *Pai da Cana*, lembrado aínda na toponimia d'un lugar compostelán; *Rui Fernandes*, capelán do Rei Sabio e autor de curiosas cántigas de amigo; *Don Gomes García*, Prior de Valladolid, que trouxo garridos cantares de amor, e *Xohán de Lobeira*, suposto coengo compostelán, que andivo na corte de Don Denis e fixo a cántiga «Leonoreta, fin rose-ta...» que, incruída no Amadís, dá indicios pra unha atribución da novela cabaleiresca...

Toda a vida da cibdade, todo o espírito santiagués dos séculos XII e XIII exerce a súa presenza, por medio d'estes poetas,

nos nosos vellos Cancioneiros. É pois difícil unha escolma de poemas composteláns d'este cicio. De entre todos estes nomes escolleamos os dos poetas, circiamente santia-gueses, Bernal de Bonaval, Airas Nunes e Xohan Airas, i-engadlmoslle o de un poeta alleo, Per Amigo de Sevilla, que sintonizou tamén o engado da cibdade e o referiu n'unha delicadísima pastorela.

Pero quedan fora moitas referencias á Compostela nos Cancioneiros, i-algunhas de cita inescusábre, así:

Pai Gomes Chariño puxo en beizos de unha moza namorada unha apelación ó Patrón Sant-Iago (C. V. 429); é unha das máis belidas cantigas paralelísticas da nosa poética:

«Ai, Santiago, padrón sabido,
vos me adugades o meu amigo!
Sobre mar ven quen frores de amor ten,
mirarei, madre, as torres de Xaén!»

Airas Corpancho, amóstranos cómo as doncelas mesturaban a piedade da pelerinaaxe cas suas arelas de amor (C. V. 265):

«Por facer romaría puxe eu meu corazón
a Sant-Iago un día ir facer orazón
e por ver meu amigo logo i.»

Fernando Esquixo, alude á un amor ro-meiro (C. V. 903):

«O amor que eu levei de Sant-Iago a Lugo,
ese me aduse e ese mi adugo.»

fórmula un tanto semellante á da C. I. 576 do Collocci:

«Ca de Sant-Iago até San Fagundo...»

e *Pero da Ponte*, (C. V. 1182) recolle a lembranza das adegas composteláns:

«se tivese en Sant-Iago
boa adega de viño»

Estas son os ecos que gardan os cancioneros «dos concertos multisonos» que es-

pertou á nosa cibdade, cando cara ela viñan todol os camiños da cristiandade.

BERNAL DE BONAVAL

Bernal de Bonaval nacería en Compostela no lugar do seu alcume, onde se ergue o convento dos frades preegadores que fundou, cicais persoalmente, Santo Domingo, emparentado con xente compostelán e dúas veces pelerinho do Apostol.

Da vida do poeta quedannos as lembranzas da sagrazón da eirexa de aquel convento (C. V. 731) e algo dos seus amores. Así sabemos que na mocidade soñou uns namoros imposibres, dirixidos cara unha outa dama, impropia da súa calidade de segrel, pol o que foi destado por Abril Peres (C. V. 663); na velez, en troques, Pero da Ponte e Airas Peres (C. V. 1175, 1086) aféanlle pubricamente uns amores degradantes, c'unha rameira, impropios tamén do seu oficio de poeta.

Bernal de Bonaval exerceu a súa xograría na corte de Fernando III, e pol-os anos de 1245-46 topabáse co rei santo, na campaña de Xaén, vestido por certo c'un mal balandrán, do que fai bulra Xohan Baveca n'unha cántiga de escarnio (C. V. 1069).

Dixemos que a arte de Bonaval amos-trava unha tendencia inxenua, galega, frente á moda provenzal. No Cancioneiro da Vaticana está situado, con parte das suas composicións, ó frente de unha serie de cántigas de amor, e, na indicación que rubra o comenzo d'esta parte do Cancioneiro, chámasele, hiperbólicamente, «primeiro trovador». Esta característica, este maxisterio dentro das perduranzas tradicionais, está recoñecido pol-o propio Alfonso X (C. V. 70), cando, rifando con Pero da Ponte, di:

«Vos non trobades come proenzal,
mais come Bernaldo de Bonaval;
por ende non é trobal natural
pois que d'el e do demo aprendestes...»

TRES CÁNTIGAS DE AMIGO

(C. V. 660, 731, 732)

I

A Bonaval quero eu, mha señor, ir
e, des cuand'eu ora de vos partir,
os meus ollos non dormirán.

Irme hei, pero me é grave de facer,
e, des cuand'eu ora de vos toller,
os meus ollos non dormirán.

Todavía ben será de probar
de m'ir, mais, des cuand'eu de vos quitar,
os meus ollos non dormirán.

II

Dise á fremosa en Bonaval así:
Ai, Deus, ú é meu amigo d'aquí,
de Bonaval?

Cuido eu, coitada, en o seu corazón,
porque non foi migo na sagrazón
de Bonaval.

Pois eu migo seu mandado non hei,
xa m'eu leda partir non poderei
de Bonaval.

Pois m'aquí seu mandado non chegou,
muito vín eu mais leda ca me vou
de Bonaval.

III

Rogárvos quero eu, mha madre, mha se-
[ñor,
que mi non digades hoxe mal,
se eu for a Bonaval,
pois meu amigo non ven.

Se vos non pesar, mha madre, rogarvos
[hei
por Deus, que mi non digades mal
e irei a Bonaval,
pois meu amigo non ven.

AIRAS NUNES

Airas Nunes, crego, é cicá a figura
máis sainte entre os troveiros composte-
láns do medievo.

Da sua vida apenas sabemos outra
cousa — i ésto pol-as suas mesmas cân-
tigas — que a sua veciñanza composte-
lán, i a sua coñecencia da «política lo-
cal» do seu tempo.

A data da sua vida ven fixada por
tres referencias das suas cántigas: Un-

ha, a 458, alude á romaxe á Santiago de
Fernando III (1232) e do pracer que lle
causa á unha moza a sua vinda, porque
con él ven o seu amigo:

«A Sant-Iago en romaría ven
el rei, madre, e prazme de corazón. .»

Outras, a 1133 e a 468, aluden á dous
incidentes do pontificado de Don Xohan
Airas, á quen, pese á comunidade de
apelido, non debía ter boa lei o noso
troveiro.

Na primeira — deica hoxe non interpre-
tada — alúdese ó período en que o gran
Arcebispo Don Bernardo II retirárase á
Sar (1237) e o seu sucesor, D. Xohan Ai-
ras, «eleito» pol-o cabildo, rexía, aínda
sin se consagrar, a eirexa compostelán.
Airas Nunes supón un encontro dos dous
prelados, e que o vello fai como quen
non conoce ó novo:

«Achouse i un bispo que eu sei, un día
co eleito e sol non lle falou...»

A segunda, refírese ó curioso episodio
do rapto da sobriña do Arcebispo Airas,
Dona Sancha Rodrigues de Segamondi,
levado á cabo pol-o seu parente Gónza-
lo Fernádes Gallinato, tal como o con-
ta o Conde de Barcelos:

«O meu señor obispo na Redondela un día
de noite con gran medo de deshonra foxía...»

Cabe supor, razoablemente, a pre-
sencia de Airas Nunes na corte de Alfon-
so X, e inda a sua colaboración nas Cân-
tigas de Santa María, como denantes in-
dicábase, pois no códice príncipe d'e-
las, entre as dúas columnas da Cántiga
CCXXIII, leese o seu nome, cicáis por-
que él fose quen comunicase ó rei o
asunto da cántiga acotada.

Poeticamente, Airas Nunes percorre;
no pequeno grupo das suas cántigas da
Vaticana, todol os xéneros da nosa poe-
sía medieval, dende a pastorela, enfeitada
de relembrs populares, á versión da
bailada, e as razóns de amor en modo de
provençal. E inda é él quen nos conser-
vou un rarísimo anaco de xesta (C. V.
466) e quen fixo unha parodia da épica
popular, na citada cántiga 468.

D'él vai n'este Cancioneiriño un «sir-
ventés», peza humorística de enxebre
escepticismo, onde o poeta percursa no
mundo a verdade, sin topala nin na
mesma Compostela das pelerinaxes.

SIRVENTÉS

(C. V. 455)

Porque no mundo menguou a verdade,
 puñei un día de a ir buscar
 e ú por ela fui a preguntar:
 diseron todos: «Allur la buscade,
 ca de tal guisa se foi a perder
 que non podemos en novas haber,
 nen xa non anda na irmandade.»

Nos moesteiros dos frades regrados
 a demandeí, e diseronme así:
 «Non busquedes vos a verdade aquí,
 ca moitos anos habemos pasados
 que non morou nosco, per boa fe,
 (nen sabemos onde agora esté)
 e d'al habemos maiores coidados.»

E en Cistel, ú verdade soía
 sempre morar, diseronme que non
 moraba i, había gran sazón,
 nen frade d'i xa a non coñecía,
 nen o abade, outro si, estar
 sol non quería que fose i pousar,
 e anda xa fora da abadía.

En Santiago seendo albergado
 en miña pousada chegaron romeus;
 preguntéilos e diseron: «Par Deus,
 muito levadel-o camiño errado
 ca, se verdade quisédes achar,
 outro camiño convén a buscar
 ca non saben aquí d'ela mandado.»

XOHAN AIRAS

Xohán Airas é outro dos troveiros al-
 fonsíes avencellados á Compostela.
 «Burgués de Santiago» chámalle o Can-
 cioneiro da Vaticana, e López Ferreiro
 anota o seu entronque c'unha famosa fa-
 milia santiaguesa.

Como troveiro cortesán debêu residir
 longamente na corte de Alfonso X e
 tamén, cicáis, na portuguesa, nos fins
 do reinado de Alfonso III e nos comen-
 zos do tempo de Don Denis.

Da súa obra poética conserva o Can-
 cioneiro, según a crasificación de Nunes,
 dez cántigas de escarnio e maldicer, vin-
 tecinco de amor e cincuenta de amigo.

Tensoón con Frutoso, cantor, que se

puxera o nome de Rui Marqués, (C. V.
 642); e Pero Anes Mariño fixo unha cánti-
 ga por salvar outra d'él (C. V. 523).
 Pero o máis interesante da súa obra,
 dende o punto de vista compostelán, é o
 núcleo das cántigas d'escarnio, que nos
 dá o coñecimento da intimidade da so-
 ciedade de Sant-Iago no seu tempo. Por
 elas sabemos de Pero García, de Dona
 María, a amada temibre, da fama de be-
 bedor do propio troveiro, de Don Bleito,
 «cas sas marchandías de Monpiller», de
 Mór da Cava, e de aquel Don Pero Nu-
 nes, (C. V. 1078), temeroso dos agoiros:

«Don Pero Nunes era en tornado
 e lase á Sant-Iago albergar

.....
 e indo da casa ó celeiro
 ouve un corvo voraz e faceiro.....»

Recollemos eiqui unha belidísima pas-
 torela, localizada no soto de Crecente,
 perto de Sant-Iago e que alude ó raíar
 da ialba «nas ribas do Sar». É unha das
 composicións máis coñecidas da nosa lí-
 rica medieval, pero non por eso pode
 deixar de enriquecer o noso Cancionei-
 riño.

PASTORELA

(C. V. 554)

Pol-o soto de Crecente
 unha pastor ví andar,
 mui'alongada da xente,
 alzando voz, a cantar,
 apertándose na saia,
 cuando saía la raia
 do sol, nas ribas do Sar.

E as aves que voaban
 cuando saía l'alvor
 todas d'amores cantaban
 pel-os ramos d'arredor;
 mais non sei tal que estevese
 que en ál cuidar podese
 senón todo en amor.

Allí estive eu mui quedo,
 quis falar e non ousei,
 empero dix'a gran medo:
 «Mha señor, falárvos hei
 un pouco, se m'ascoitardes,
 e irme hei quando mandádes,
 mais aquí non estarei».

«Señor, por sancta Maria,
non estedes máis aquí,
mais idevos vosa vía,
faredes mesura í,
ca os que aquí chegaren
pois que vos acharen
ben dirán que mais ouví».

PER AMIGO DE SEVILLA

Pra incruir n'esta serie á un poeta que, sin se considerar compostelán, tiuese sentido o engado da nosa cidade, escollemos á Per Amigo de Sevilla, de probabre alcuña mariñán, pero que cara ó 1285 residiría na cidade que o Cancioneiro avencella ó seu nome.

Per Amigo figura na corte de Alfonso X, entre o coro de segreres apicados, que maldizen da Balteira. As tensións de Per Amigo con Vasco Pêres, Lourenzo e Xohán Baveca, as cántigas de escarnio que fixo contra os derradeiros e Pero de Ambroa, Pero Bodiño e Pedro Ordóñez, e, máis que nada, as alusións á soldadeiras e coteifas — á propia Balteira, unha Elvira, Mariña Mejouchi, Mayor García, Sancha Díaz — mostrannos o ambiente en que desenrolou a súa actividade poética Per Amigo. Por certo que a alusión reiterada, de Ambroa (C. V. 1128), á entrada do segrer n'unha ermida vella:

«unha ermida vella que achou
e entrou dentro, e pois que í entrou
de sair d'ela sol non é presado»

non soio non debe suporse referencia á unha conversión de Per Amigo, como quixo C. Michaelis, senón que, dentro da tesis de Menéndez Pidal de que se trate d'uns amores serodios, pode conxeturarse, relacionando o texto das cántigas 1128, 1129 e 1130, como o escarnio de un entendemento de Per Amigo cicaís ca propia Balteira, xa en retorno de Ultramar.

Rexo contraste ca vida e co resto da obra de Per Amigo, as súas cántigas amorosas, i especialmente unhas que poideramos chamar verdadeiras «cancións de amiga», dannos unha idea das súas esgrevias calidades de poeta.

A pastorela que incruimos n'este Cancioneiriño, ten ca de Xohán Airas unha rara somellanza, que, escedendo da

comunidade xenérica, chega deica un detalle tan miúdo como a localización, non xa en Compostela, senón nas mesmas beiras do Sar. As dúas cántigas sirven pra revelarnos que as pastoras d'esta terra gozaron, na poética do noso medievo, de unha sona de «ben razoadas», de ensinadas e de discretas, comparabre, salvada a diferenza dos xéneros, ca das serranas de Avila e Toledo pr'os líricos casteláns. A romaxe á Santiago dá, nas dúas composicións, o motivo pra o encontro do viaxeiro e da pastora, e fai xurdir un diálogo onde trunfan, ó par, as razóns da moza i-o amor do entendedor. Pódese ben coidar en que estas dúas pastorelas i algunha outra, como a de Joan de Abin, que alude ó «camiño francés», nos resten como exemplos de unha longa literatura hoxe perdida, que tivera motivos somellantes, sobre a mesma localización.

PASTORELA

(C. V. 689)

Cuando eu un día fui en Compostela
en romaría, ví unha pastor
que, pois fui nado, nunca ví tan bela
nen ví a outra que falase millor,
e demandeille logo seu amor
e fiz por ela esta pastorela:

Dix'eu logo: «Fremosa doncela:
queredes vos mín por entendedor?
que vos darei boas toucas d'Estela,
e boas cintas de Rocamador,
e d'outras doas, a voso sabor,
e fremoso pano per a gonela».

E ela dise: «Eu non vos quería
por entendedor, ca nunca vos ví
se non agora, nen vos fillaría
doas que sei que non son per a mí;
pero cuido eu se as fillase así
que tál ha no mundo á que pesaría».

E se veese outra, que lli diría
se me disese: «Ca per vos perdí
meu amigu'e doas que me traxía?»
Eu non sei rem que lli disese alí;
se non fose esto de que me temí,
non vos digo hora que o non faría».

Dix'eu: «Pastor, sodes ben razoada,
e pero creede, se vos non pesar,
que non esto aí outra no mundo náda,
se vos non sedes, que eu sabía amar,
e por aquesto vos veño rogar
que eu sexa voso home esta vegada».

E dis ela, como ben ensinada:
«Por entendedor vos quero fillar,
e pois, for a romaría acabada,
aquí, dú son natural, do Sar,
cuido, se me queredes levar,
irme hei vosco, e fico vosa pagada».

II

AS CÁNTIGAS DE SANTA MARÍA DE ALFONSO X

O papel que xogou Compostela no acarreo dos temas narrativos dos marioloxios, as relacións de Alfonso X con Galicia, a mesma lingua das cántigas i-o núcleo de xogares e troveiros galegos da corte, farían supor que as Cántigas conterían d'abondo referencias á nosa cidade.

Pol-a contra, atopamos unha soa cántiga localizada eiquí, e non na mesma cidade, senón «en terra de Santiago» e c'un asunto vulgar; namentras que en algúns milagres, como o da Virxe-torneira, que o folklóre localiza en Compostela se non topa tal indicación.

Máis aínda estrana a ausencia, casi total, de cántigas onde interveña incidentalmente o Apóstol. Pra o caso somentes a XXVI acusa a súa procedencia dos «milagres de Sant-Iago», namentras que outra tan santiaguesa, como a CLXXV, furta por complot a intervención apostólica.

Pero o que acusa unha enemiga de Alfonso X, senón contra o santuario xacobeo, contra a cidade compostelán, como foco das romaxes, son as catro cántigas que fan referencia directa ás peregrinacións, cántigas localizadas en Vila-Sirga, un dos santuarios composteláns que xurdiron como froitos do mesmo camiño, e que Alfonso X mostra particular empeño en opoñer, pese á súa nimia importancia, á mesma Compostela.

Compre percurar as orixens d'este anti-compostelanismo do rei sabio na posición política que mantivo contra a Eirexa de Sant-Iago.

A súa táctica foi sempre a de anexionar Compostela ó seu señorío, entrometéndose

pra elo nas loitas entre o Concello i-a Eirexa, entre os burgueses i-os arcebispos. De aquí a súa sentenza de proposta de xueces (1261), o nomeamento de Alcaldes Reales (1261-1263), as peticións de homeaxe ós Arcebispos e Cabildo, e finalmente a incorporación de Sant-Iago ó señorío real «por saña que hovo del arcobispo Don Gonzalo Gomez», a quen chegou á perseguir i-a espulsar violentamente, diante do asombro da mesma Roma.

Decíamos que esta enemiga nótase máis nas catro cántigas localizadas en Vila-Sirga:

Na CCLXXVIII, unha dona francesa, cega, fai a romaxe á Sant-Iago. Regresa sin lograr a súa curación, mais, facendo o camiño de volta, a chuvia faina entrar na eirexa de Vila-Sirga, onde Santa María lle devolta a vista. Cando sigue o seu viaxe, topa á un cego que vai tamén á Sant-Iago e lle aconsella que vaia á Vila-Sirga, onde efectivamente topa tamén a súa curación.

A CCXVIII é aínda máis forte, pois a romaxe á Sant-Iago non somentes semella nula senón contraproducente. Un mercader alemán, arruñado e tolleito, pide á unsromeiros de Compostela que o leven alá. Así o fai pero non cura; sigue á Vila-Sirga, queda cego no camiño, i-é abandonado pol-os compañeiros de viaxe. Pero prega á Nosa Señora d'aquel santuario, e recobra de súpeto a saúde.

Na CCLIII amóstrase o inútil que era facer o viaxe deica Sant-Iago, topándose como se topaba no camiño, Vila-Sirga. Un tolosán fai pelerinaxe de penitencia c'un bordón de 24 libras. En Vila-Sirga pide perdón á Nosa Señora, o bordón québrase en anacos e nin

tan siquiera os pode erguer do chan: está xa perdoado por Santa María, sin ter que chegar á Sant-Iago.

E na CCLXVIII, os romeiros en tornado de Compostela, aconsellan á unha fidalga francesa, tolleita, que ten xa feitas romaxes á moitos santos sen lograr cura, que vaia á Vila-Sirga. O consello é asinado, pois a dona logra a saúde.

Restan dúas cántigas aínda, referentes á romaxe de Sant-Iago. Unha nada amosa de desafección cara a nosa cibdade, e a XXVI que recolle o asunto, pintoresco e difundidísimo, do romeiro que se «orixenizou» por mandado do demo, en figura de Sant-Iago; e onde o Apóstol polemiza cos demos que queren levar a i-alma do pelerinho e logra arrancarilla perante a intervención de Santa María, que é árbitro final da disputa. Tema eminentemente medieval, que enriqueceu «fabliaux» e mariales de Vicente de Beauvais á Gil de Zamora. A outra, CLXXV, que denantes citábase, ten inda máis longa bibliografía; recollida por Voragine na «Legenda Aurea» e nos «Milagres» do Calixtino, goza ámprias derivacións folclóricas e artísticas en todo o occidente románico. Narra o suceso «d'un home bó que ía con seu fillo en romaría a Sant-Iago, et enforcáronllo a torto o fillo en Tolosa, et sancta María déullo vivo».

Derradeiramente, a cántiga que nós recollemos pra este Cancioneiriño é a localizada na comarca de Sant-Iago, peza inxenueamente popular, que nos fai evocar un intre da vida familiar na bisbarra compostelán, no século XIII.

CÁNTIGA XLXXXIII

Esta é como Santa María libróu de morte un meniño que xacía no ventre da madre á que deran unha cuitelada pel-o costado.

*A Madre de Deus
tant'ha en si gran virtude
per que a os seus
acorre e da saúde.*

E de tal razón como esta
un miragre mui fremoso

vos direi, que fez a Virxen
Madre do Rei poderoso,
en terra de Sant-Iago,
en un lugar montafioso,
ú unha moller moraba
que era preña ameude...

A Madre de Deus...

...de seu marido, mais ela,
pol-as suas pecadillas,
cuantos lles nunca nacían,
así fillos como fillas,
todos lles morrían logo;
mais das suas maravillas
mostrou i Santa María
que sobre los seus recude.

A Madre de Deus...

Ela, con pavor d'aquesto
et de que era preñada,
encomendou á Virxen,
a Madre de Deus honrada,
que ela que a guardase,
que non fose acaxonada,
dicendo: — «Dame meu fillo
que ben a viver m'axude.

A Madre de Deus...

Ela aquesto facendo,
o demo, cheo de envexa,
aguison que seu marido
hoube con outros pelexa
e déronlle unha ferida
pel-os peitos, tan sobexa
que morreu; ca así face
quen non ha quen o axude.

A Madre de Deus...

Ela que viu o marido
que o chagaban de morte
foíselle deitar de suso
e déronlle entón tan forte
frida, pel-o costado,
que morreu, tal foi sa sorte;
mail-o fillo pel-a chaga
saiu, que mester engrude...

A Madre de Deus...

...n'había, per a sa chaga,
que na face lle ficara
que llo cuitelo fecera
que á sa madre matara.
Mais quisó Santa María
á que o encomendara
sa madre, que non morrese
nen fose en ataúde...

A Madre de Deus...

...antes quisó que vivese,
e crecese, e se criase,

e sempre recoñocese
á Virxen, e a loase,
e o sinal parecese
da chaga, porque probase
este feito; que sempre
home en sa loor estude.

*A Madre de Deus
tant'ha en si gran virtude
per que aos seus
acorre et da saúde.*

III

A DECADENCIA

Nos séculos de decadencia das nosas letras galegas, —dende as postrimerias da época trovadoresca, cando Rodríguez de la Cámara, pechando o ciclo que pra nós abre Bernal de Bonaval, garda o relembro da «ciudad venera», deica o abreinte do romantismo, reivindicador da nosa lingua, á raiair no pulo infantil dos escolares liberais, — Compostela non perde o seu senso maternal pras artes de Galicia.

Así, namentras nas letras casteláns recibe a loubanza dos sonetos de Tirso, ou os escarnios do P. Calatayud, e se multiplican os cantos heróicos en honra do «outro Marte», defensor de Hespaña, Compostela recobra, pasenñamente, diante dos nosos escritores, o seu fito representativo da unidade galega.

D'este xeito, dende Alvaro de Cadaval ó coengo Sánchez, pode anotarse todo un desenvolvemento do «tema» compostelán, nos escritores de Galicia. Pois namentras a hestoria barroca dos apoloxistas da Catedral e da nobreza, eruditos dos mosteiros e «Cronistas del Reino» —Oxea, Gándara, Pacheco, Huerta, Bermúdez Mandiáa, Castellá Ferrer, Bugarín, Seguí, Riobóo— tecían unha nova mítica xacóbea de «palmas y triunfos», medraba nos nosos grandes inxenios do XVIII —Feixóo, Sarmiento, Cornide— o inte-

rés compostelán, que tiña de se desatar en furia localista na mesta literatura de Don Diego Zernadas de Castro, Cura de Fruime, «natural de Santiago de Compostela».

Soio dous exemplos d'este tempo pra o noso «Cancioneiriño». I-escolmados, non nos «precursores» do setecentos, senón na literatura ocasional do XVII. Décimas de preito e romance de certame; catedral e colexio, litixio e festa: a Galicia barroca,

N. TORRADO, Abade de Urdilde

(Hacia 1630).

As décimas de Torrado que eiquí se recollen aluden ó chamado preito do «compadroazgo», que apaixonou vivamente á Compostela, no primeiro tercio do XVII. De xeito que, anque non sexan unha loubanza da cidade, son unha viva defensa dos seus intereses e da súa tradición.

A idea de declarar á Santa Tereixa padroeira de Hespaña á carón de Santiago, xurdira xa no 1617, denantes da súa canonización. Houbo fortes protestas, e o Cabildo e a Cidade de Compostela, feridos nos seus privilexios, preitaron longamente na defensa do «único patronato de Santiago». O preito trascendeu ó literario. Quevedo tivo un-

ha singular intervención na defensa xacobea —«Su Espada por Santiago»— e na mesma cidade compostelán, á carón dos longos alegatos xurídicos, xurdéu a arenga, a folla manuscrita, e inda o mesmo poema.

De entre esta literatura, fortemente compostelán, recolleemos as décimas galegas de Torrado, publicadas por nós por vez primeira en 1924. O autor é un crego rural, sin renome nas nosas letras, i-a composición ven á iste Cancioneiriño somentes porque recolle o estado de espírito de Compostela no famoso preito.

DÉCIMAS

Santo da barba dourada,
vello honrado, meu patrón,
rayo, fillo do trebón,
capitán da roxa espada,
señor da cruz colorada:
datente, forte guerreiro,
a quen todo o mundo enteiro,
pol-o mar e pol-a terra,
chama, na paz e na guerra,
Sant-Iago o cabaleiro.

Eu, meu santo, oín agora
ô crego, d'esta maneira:
que vos dan por compañeira
unha santa, gran doutora.
Vállame Nosa Señora,
ende vós non bastás soo
para desfacer en poo
cantos mouros e xudeus
houber contra a fé de Deus;
decíao el meu aboo.

El ouve que non podés;
eu non sei como esto sexa,
ou debe de ser envexa
do ben que a España facés.
Eu non vin tal entremés
que a un crego lle fagan ter
unha frade por muller?
Arreda vai, Satanás.
Santo, vos, se vos casás,
das ô mundo en que entender!

Ora pesa tal conmigo
non vos deran por compañía

algúns dos santos de España,
San Lourenzo ou San Domingo.
En tal preito non delingo;
a santa Santa Tereixa
no ha de ter a mesma queixa,
pois vol-a dan por muller
sen preguntar s'ela quer,
s'ela toma, ou s'ela deixa.

Pois agora digo eu,
con perdón, si a min m'o dan,
a xente da miña lan,
donde ha de ir o Xubileu?
No ha de faltar un xudeu
que nos diga que ninguén
sen ir a Xerusalén
n'estas vosas estazós
non pode ganar perdós
por Xesus de Nazarén.

En fin, eu xa teño dito,
que haxo de vender os bois
e ir a Roma despois
ô Padre Santo Bendito,
e o noso señor o rey,
que manden, por unha ley,
que sexa, pois é justicia,
Patrón soo da milicia
de España, contra Mafoma,
mentras for San Pedro en Roma
Sant-Iago de Galicia.

XOSÉ XIL TABOADA

1697

No ano 1697 celebráronse en Compostela unhas famosas «Fiestas Minervales» en loubanza do grande Don Alonso de Fonseca. Organizóunas a Universidade e recolleron o esforzo literario dos escolares mozos e as produccions de moitos inxenios composteláns do tempo.

O «asumpto segundo» d'estas festas era o seguinte: «Si Santiago vive mas obrigado al Señor Don Alonso de Fonseca que el Señor Don Alonso vivió obligado a su Patria» e tiffa de ser desenrolado en romance galego. O tomo que recolleu os traballos de este certame garda nove composicions galegas sobre este tema. Unha é anónima e as outras están firmadas por Xohan del Río Otero, Francisco Antonio del Va-

Ile, Juan Correa Mendoza e Sotomayor, José Xil Taboada, Bernardo Vallo de Porras, José Guerrero Lasso de la Vega, Juan Antonio Torrado e Ignacio Rodríguez.

De este conxunto, —que amosa a meirande aportación de todo o século XVII ó cultivo da lingua galega e que ofrece un interés insospeitado pra os estudos lingüísticos—, escollemos o romance presentado, fora do termo do certame, por Xil Taboada que de aquela era lector de Artes no Convento de San Francisco de Salamanca. O seu romance meréz ser ben coñecido pol o seu compostelanismo e porque, sendo menos popularista que os demais das «Festas», ofrece unha curiosa versión galega da moda castelán da época.

ROMANCE GALLEGO

Grande loita de luceiros
hai na terra do Patrón
santo, que, fillo do Trono
nas guerras sempre atronou.

Cinco luceiros, non menos
se opón a un luceiro só:
cinco a un, e ser galegos?
Non m'o da o corazón.

E que loitan sobre quen
a quen mais alomou.
Un contra cinco? Este si
que é galego de nazón.

O luceiro só nas armas
ven da ciudá dos Perdós;
ven feito un perdoa vidas,
mais perdoa luces, non.

Os outros nas armas vén
do grand home que mitrou
fonte que deu mais rigueiros
que gotas ten un torbón.

—Ou, luceiros, —diz a estrela
facendo das luces voz—
miráime, miráime ben,
verés quen vos arrolou.

Eu vos faixeí coma nenos,
querés que eu non sexa mor?

Reparái que o voso lume
ós meus peitos se criou.

Vos por Fonseca loitades;
home grandísimo foi,
mais se eu non lle dera estrela,
que fora d'ise Señor?

Señora mai, —os luceiros
dín — vostede s'afrontou
sen causa, porque esta loita
lle ha de dar mais relumbrós.

Dou a Fonseca Sant-Iago
vida, Fonseca a honrou:
que é mais a honra que a vida
o dixo hasta Cicerón.

Arrolouno esa ciudá,
mais Fonseca a libertou.
Pudo outra arrolalo? Si.
Outra libertala? Non.

Fillo e Nai se dan o ser:
cal é mais dar antr'os dous?
Nai á fillo é natural.
Fillo á Nai, admirazón.

Nacendo o Sol da Mañán
a mañán mais debe ao Sol
que apartándolle as tenebras
mais lle volve que lle dou.

Doulle a ciudá ser de Fillo,
Fonseca ser con aciós:
un natural, outro é libre:
Pois que? Ten comparazón?

Ela o sustenta no berzo
il escola lle fundou,
que é o sustento da alma:
pois que sustento é mellor?

A honra toda dos fillos
nos pais sempre resultou:
que mór honra da mañá
que escedéla o fillo Sol?

—Ou, luceiros, —diz a estrela—
eu vos boto mil beizós,
confeso que mais lle debo.
Adeus, que a loita finou!

IV

OS PRECURSORES

No extraordinario proceso que veu reintegrar á nosa fala o seu cultivo literario e que trocou o probe «patois» do XVIII n'un linguaxe poético, levou Compostela o posto de honor. No movemento que se forxaba, tiña Compostela —rufiñas, hestoria, tristura, chuvia, mocidade—, todol-os elementos d'un anovamento romántico.

Xa nos fins do XVIII e nos comezos do XIX, cando o despertar das enerxías galegas que tivo cume na loita da Independencia, os cultivadores do galego amóstransenos sempre avencellados, por algunha causa, á Compostela —Pardo de Andrade, Fernández de Neira, Boado, Freire e Castrillón— e nos mesmos xornaes composteláns, dende a «Gaceta Marcial» (1812) que xa publicaba cousas galegas, deica a «Tertulia de Picaños» (1836), primeiro xornal, enteiramente feito na nosa fala, hai sempre un senso galego da vida compostelán.

O verdadeiro descubridor do valor romántico da lingua galega foi Pastor Díaz, de circia formación compostelán. Dende a data da súa «Alborada» ó banquete de Conxo (1856) —en que outros dous poetas mozos, Aurelio Aguirre i Eduardo Pondal, criados como él á soma de Compostela erguen seu berro de revolta—, corre o que forma verdadeiramente «a época dos precursores».

D'aquela a nosa hestoria i as nosas letras están encheitas de nomes composteláns. Faraído, no 46, atopa o senso estratéxico da cidade na simbólica revolución galega; Neira de Mosquera, acha nas súas Monografías a emoción literaria da hestoria compostelán; La Iglesia, adprende axiña as roitas de unha actuación galega, dirixida dende Compostela, pra o recobrimento da propia personalidade. E así Camino, Moreno Astray, Rúa... tantos nomes composteláns que ofendaron á Galicia os milllores valores da cidade, e que concentraron n'ela todo galego esforzo.

Recollemos catro mostras da atención que mereceu Sant-Iago ós escritores galegos

d'este tempo. Catro nomes de gramáticos, de humanistas, de homes que adicaron todo o seu vivir á nosa fala. Pouco importa que estes poemas non sexan sempre obra de poetas. O mellor poema de un romántico é a súa vida. I-eles viviron pra a nosa terra.

Xosé GARCÍA MOSQUERA

(1810-1868)

García Mosquera non é un escritor compostelán. Naceu en terras de Maceda, e profesou Humanidades no Instituto de Ourense. Coñeceu como ninguén as calidades do noso idioma. Traductor do «Beatus ille», e autor da «Cantinelá Gallega» que insertamos, é un poeta «antolóxico», pois se non difundiu ningunha outra obra súa, e son sinxelamente estes dous poemas os que manteñen a súa súa na primeira ringleira dos cultivadores da fala galega.

A «Cantinelá» é unha poesía de circunstancias que mantén aínda no romantismo os prestixios de un xénero que tanto se traballara na Compostela do XVIII. Escribíuse no 1851, cando viñeran á Sant-Iago Isabel II e o seu fillo. D'aquela outros poetas composteláns exerceran o seu mester en loubanza dos visitantes, Vicente de Turnes, por exemplo, pero ningún como Mosquera soupo soerguer con sonoras toponimias e con verbas escolleitas a febleza do tema.

Publicamos somentes uns anacos da «Cantinelá», onde se fai máis viva a inspiración compostelán i é menos patente a ocasión do poema.

CANTINELA GALLEGA

O rumor dos rigueiros e das fontes,
o manso norte que na touza xira,
as aves das ribeiras e dos montes,
son hoxe a miña lira,
a lira que na orella
resonará do Sar e do Sarela.

Xa da veira do Támega e da Antela,
Arnoya, e Avia, e fachendoso Miño,

xuntos voando van á Compostela.
 en aas do seu cariño,
 veciños e veciñas
 cal van á outra banda as andarías.

Tempo era, miñas xoias, si, tempo era,
 que n'unha esquíña do verxel frondente
 pudeses vervos unha ves siquera
 a melosíña xente
 que fai d'amarvos gala,
 que ten o curazón cal ten a fala,

XOHÁN MANUEL PINTOS VILLAR

(1811-1876)

Don Xohán Manuel Pintos, aunque pon-tevedrés de alcuña e de nacencia, foi un dos primeiros escritores galegos do XIX que sentiu o valor representativo de Compostela no rexurdimento literario que se iniciaba.

Pintos non debe considerarse como un «poeta»; foi sinxelamente un humanista, un gramático, que se impuxo a tarefa de escribir en verso galego pra chamar a atención das xentes cara as posibilidades literarias da fala anterga. Pra esto publicou «A Gaita Gallega» (1835) i unha chea de composicións soltas e de pequenos folletos casi descoñecidos.

Entre estes derradeiros, está o «Rechamo» que escollemos pra insertar n'este Cancioneiriño. Trátase de un folleto cativo, sin portada nin pé de imprenta, e siñado cas iniciais do autor. Podemos supor que se imprimíase en Vigo, cara un 1850; pois por aquel tempo, os impresores d'un xornal en que colaboraba regalábanlle á Don Xohán Manuel, pol as suas festas, pequenas edicións dos poemíñas que máis estimaba.

O «Rechamo» é unha apelación ós galegos pra que cultiven a súa propia fala. Está escrito en cuádras populares, prosaicas e infantís, pero aparece todo él cheo de máis fondo patriotismo galego. Das longas tiradas que adica á Compostela e nas que Pintos fai o seu adeus de escolar, escollemos uns anacos, os máis curiosos, pol as suas alusións e pol o seu linguaxe.

RECHAMO

Bule axiña, Pedro Lucas,
 tempera o teu tamboril,

bota o redobre a Galicia
 para que te veña ouir.

Vinde hermosas santiaguesas
 que os agros ís pasear
 por onde ía tantas veces
 a Cornes me refolgar.

D'esa armada e branca Diosa
 que está na Universidá
 me lembro total-as noites
 e mais non sei que me dá.

D'ese volume de cousas
 non me podo esquecer, non,
 nin da Catedral grandiosa
 nin de tantísima función.

Nin dos meus millores anos
 que entre vós alá pasei;
 nin de tantas foliadas
 como á vos todos vos dei.

Adios, campana da Prima,
 que unha hora fal-o son
 avisando ós estudantes
 que repasen a leución.

Adios, Santiño dos Croques,
 que alá estás na Catedral
 Adios Adán e mais Eva
 que encoiro estás no Hespital.

Adios, tí, santiño alegre,
 que te quedaches a rir
 cando chegache as cousiñas
 de aquel'outra a descubrir.

Aparta, río dos Sapos,
 que és de recordo infernal
 onde vin meus condiscípulos
 fusilar, cun Cardeal.

Ti tamén, da Rua Nova
 Casa do grande balcón
 onde o General-Eguía
 foi ferido de traición.

Adios monxas da Enseñanza
 que por Velez rezarés
 toda a vida, que arcebispo
 como él non sei se o verés.

Pontífice cristiano,
estrela da Relixión,
pide a Dios alá no ceo
pol-a galega Nación.

Adios monxas de San Paio
que ó Pai pedís celestial
que recolla aquela pomba
que fuxiu de ese pombal.

Adios convento das Orfas,
medio monxas, medio non,
onde botei parrafiños
das bonitas acarón.

Adios, pan tan sustancioso,
adios, greliños, adios,
adios, medidas de leite,
adios tenriños cimós.

Adios San Martín inmenso
onde se poden meter
catro vilas como Caldas
sin que te poidan encher.

Adios tí, Crus dos Farrapos
que despida agora estás
dos que os pelengriños puñan
devotos cas súas mans.

Adios Minerva, outra volta,
filla escollida de Dios,
parto da mente diviña
non impura como nós.

Tan esbelta e tan prantada
cos genios ó derredor
sé da juventú gallega
prestantísimo mentor.

Adios craustro de Doutores,
ornamento da ciudá,
nobles fillos de Galicia
que de vos gozosa está.

Adios tantísima grandeza
e comercio principal
adios, pobo relixioso
e torres da Catedral.

FRANCISCO MARÍA DE LA IGLESIA GONZÁLEZ
(1827-1897)

Poeta compostelán pol-a nacencia e
pol-a inspiración. Figura central entre

as dos precusores, poeta «enteiro», como o calificou Placer, pol-o seu afinamento na i-alma do seu tempo; galego «enteiro» pol-a súa vida e pol-a súa obra: erudito, naturalista, literato, folklorista, mesmo político... Activísimo guieiro do noso renacer, foi co seu irmán Antonio, o propulsor da famosa «Galicia, Revista Universal de este Reino» e da celebración do certame do que saíu o «Album de la Caridad» (1861), antoloxía da renacemento romántica de Galicia.

Hai moito de Compostela na súa obra. Máis que nada, coñécese d'el n'este aspecto, «O Paso da Porta Santa», inxenuo romance «a usanza antiga», i-o rexo «Himno do Apóstol», premiado n-un certame santiagués no 1885.

Pero nós quixemos traer aquí unha páxina menos lida, e cicais menos reveladora do espírito do poeta, pero chea de valores pintorescos. É un romance romántico de asunto fantástico, e leva por título «A armadura do Cid na Catedral de Santiago». Coidamos que pode servir pra ilustrar o carácter da poesía «histórica» dos precusores e pra revelar o seu concepto das glorias composteláns.

A ARMADURA DO CID NA CATEDRAL DE SANTIAGO

Mozos de Vite e do Gozo,
Humilladoiro e do Sar,
vinde á ver o cabaleiro
Rui Díaz de Vivar.
Alí se está de xionllos,
a carón do sagro altar
do noso Señor Sant-Iago,
onde as armas vai velar.

Pardez! que ten longa espada,
ferrudo peto espaldar,
malludas calzas que afonden
ó que nas saiba levar,
e manoplas cal n'hai puños
que as poideran domear;
sobre todo un morrión
de tan vivo tintinar
que o demo a de fer o alfanxe
para podelo mellar.
Garde Deos ó moi valente
que á Lain Calvo ha de herdar,
e pille a forza do rayo
contra a ralea de Agar.

Boanergas, Boanergas,
que dormís baixo ese altar,
torná invencibel-as armas
de Rui Díaz de Vivar,
para que alarbio non deixe,
dende León á Gibraltar
e dende o Algarbe hastras Creus,
con folgo para loitar.

MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ

(1821-1903)

Derradeiramentes, incruimos tamén entre os precursores á Valladares, pol-o semellanza do seu espírito cos dos poetas denantes citados. Valladares naceu e viviu, casi de cote, n'un pazo ullán. Alí adicóuse de cheo ó coñecimento da nosa terra: colaborou, competentísimamente, na labourea xeográfica de Madoz e publicou un famoso Dicionario Gallego-Castellano (1884), inda non mellorado.

Pol-o tanto a actividade poética é tamén accidental n'el. Pode decirse que escribe somentes pra dar uso literario ás máis garridas verbas que recolle pr'os seus estudos. D'este xeito, o mesmo a súa novela «Majina», a primeira obra d'este xénero escrita na nosa lingua, que os seus mellores versos son cousa probe de recursos, i esta mesma friaxe, poden hoxe interesarnos. Así na páxina costumbrista que recollemos — «A castañeira en Santiago» — os tonos esvaldos, de estampa romántica, prestan un sinxelo engado ó linguaxen escoreito, cheo dos máis enxebres matices do falar compostelán.

A CASTAÑEIRA EN SANT-IAGO

Mosiñas madrugadeiras
que todas cheas de frío,
a sidá vindes lixeiras
á fase-lo voso avío

e volvés ás vosas leiras
á traballar de cotío:
Castañas cosidas vendo,
Ay, que ricas, fervendo!

Rapasas quentade as mans;
un carto d'elas siquera,
que non aturan os cáns,
un carto dáo calquera,
e n-estas cruas mañáns
forralo mal parecera;
Sabrosas aquí as tendo.
Ay que ricas, fervendo!

Traguen loito; non fan caso
Usté, señor estudante,
do pelo roxiño e laso,
bóteme tres cartos diante
e dusia e media lle paso.
Quietíño, non sea tunante,
que atendo, agora o atendo,
Ay, que ricas, fervendo!

Señores, que se m'acaban
e son rosendas da Ulla.
Onte o ferrado pagaban
á seis reás, non é pulla,
e aínda así non as soltaban.
Almibre sin carambulla
vanse na boca fasendo.
Ay que ricas, fervendo!

Degaros son escollidos
castañiñas da restela,
xurarei qué entre os nascidos
non hai quen lles poña aquela.
A probar, pois, sin cumpridos;
a proba non se resela
e á anís irá resendendo.
Ay, que ricas, fervendo!

V

ROSALÍA DE CASTRO (1837-1885)

POL-a súa nacencia, pol-a súa obra e pol-o seu espírito, Rosalía de Castro é a gran cantora de Compostela.

Foi nada en Sant Iago, anque se criou na

Amahía, que é como a horta da cidade, e se educou en Padrón, gardador de todas as antergas lembranzas xacobeas. Logo en Compostela fixo os seus estudos de arte i-as suas

primeiras leituras poéticas; aquí debutou, entre un vó de pombas e de follías azues con versos románticos, no «Liceo da Xuventude» e cando a vida, despois de levala e traela, e de axitar o seu espírito nas modas de fora e na reflexión do enxebre, quixo devoltala á un berce de acougo e de traballo, tornouna á Sant-Iago. Veu, «vencida da vida», pra criar no arte á Aleixandra, a sua filla, e retornou c'un novo libro, enxebremente compostelán, criado na quentura do seu colo: «Follas Novas».

D'aquela, no trienio 1872-1875. Sant Iago exerceu un influxo determinante sobre a obra de Rosalía. Así a presenza da nosa cidade é vital nas suas mellores páxinas. Maormentes son os libros: «Do íntimo» e «Da Terra» onde ten de se facer máis patente esta xurdia presenza.

Rosalía descubre alí os temas poéticos da Catedral no solpor («A Catedral», «Amigos vellos»), percorre o bosque da Condesea envolteita en lembranzas e paixóns («Nin ás escuras!», «Olvidémol-os mortos»), escolta no abrente os sons benzoados das campás da catedral («O toque da alba»), sofre cos picariños terecidos de frío diante das eirexas («Tempra un neno no pórtico escuro»), revóltese, en febre de dúbidas contra o mesmo ambiente («Branca Virxes»), e percura acougo nos craustros valdeiros («No craustro», «San Lourenzo»). E camiñando pol-as veiras da vila, nos «campos frescos», «antre os carballos da devesa escura, por onde o Sar vai marmurando leve», escribe a maravillosa ledicia das campás de Conxo, amorosamente odiadas («En Cornes»), e traza aquela despedida («Adiós!») que prende aínda co vento no pano de total-as ausencias composteláns.

Inda no máis alonxado do tema santiagués «Follas Novas» está cheo das lembranzas da sua vida. Alí está o xurdio recordo folklórico de San Pedro Mártir («N'hai peor meiga»), a mulleriña que fai á pé o viaxe de Sant-Iago ó Padrón («Miña casíña, meu lar...»), o recordo infantil do pan de Sant-Iago («A probiña que está xorda»), e inda, máis lonxe, a inesquecible lembranza do camiño que leva á Compostela («Dende aquí vexo un camiño»).

Máis tarde, cando a vida tornou á arrinca de Sant-Iago, ten de lembrár a carón dos enterros composteláns («Todas las campanas») e dos órgaos da Catedral («En los ecos del órgano»), xuntos e apreixados pol-a ausencia, todo os temas eternos da poesía na cidade santa de Galicia. I—«En las orillas del Sar» recolle a abada das suas mellores lembranzas, mesturadas de fe e de dúbidas, de degaros e de resiliación (Santa Escolástica).

Agora o seu corpo santo, repousa no Santo Domingo que ela tanto amou i-en cada recanto da cidade xurde a sua lembranza.

Porque foi santiaguesa en vida e morte. Porque ninguén como ela soupo amar e cantar á nosa cidade veñen á esta frol de cantares as suas catro mellores páxinas de Compostela.

NA CATEDRAL

Como algún día, pol-os currunchos
do vasto tempo,
vellos e vellas, mentras monean,
silban as salves i-os padrenuestros,
i-os arcebispos nos seus sepulcros,
reises e reinas, con gran sosego,
na paz dos mármore tranquilos dormen
mentras no coro cantan os cregos.
O órgano lanza tristes cramores,
os das campanas responden lexos
i-a santa imaxe do Redentore
parés que suda sangue no Huerto.

¡Señor Santísimo: ós teus pés, cánto
tamén de angustia sudado teño!
Máis s'ó pecado castigas sempre,
ó que afrixido vai á pedircho
dáslle remedio.

O sol poniente, pol as vidrieiras
da Soledade, lanza serenos
rayos, que firen descoloridos
dá gloria os ánxeles i-o Padre Eterno.
Santos e apóstoles, védeos!, parece
que os labios moven, que falan quedo
os uns cos outros, e aló na altura
do ceo a música vai dar comenzo,
pois os grorosos concertadores
tempran, risoños, os instrumentos.

Estarán vivos? Serán de pedra?
 Aqués sembrantes tan verdadeiros,
 aquelas túnicas maravillosas,
 aqueles ollos de vida cheos?
 Vos que os fixecheis de Dios c'axuda
 de inmortal nome Mestre Mateo,
 xa que ahí quedáches homildemente
 arrodillado, faláime de eso,
 mais co eses vosos cabelos rizados,
Santo dos croques, calás... i-eu rezo.

Aquí está a Groria, mais n'aquel lado,
 n'aquela arcada negrexa o inferno
 cas almas tristes dos condenados,
 onde as devoran todol-os demos.
 De alí non podo quitál-os ollos,
 mitá asombrada, mitá con medo,
 que aqueles todos se me figuran
 os de un delirio, mortaes espeutros.

Como me miran eses calabres
 i-aqueles deños!
 como me miran, facendo moecas
 dende as columnas onde os puxeron!
 Será mentira, será verdade?
 Santos do ceo,
 saberán eles que son a mesma
 de aqueles tempos!...
 Pero xa orfa, pero enloitada,
 pero insensibre, cal eles mesmos...
 Como me firen!... Voume, sí, voume,
 que teño medo!

Mais xa nos vidros da grande araña
 cai o postreiro
 rayo tranquilo, que o sol da tarde
 pousa sereno;
 i-en cada prancha da araña hermosa
 vives refrexos
 cintileando como as estrelas
 pintan mil cores no chan caendo
 e fan que a tola da fantasía,
 soñe milagres, finxa portentos.
 Mais, de repente, veñen as sombras...
 todo é negrura, todo é misterio...
 Adiós alxofres e maravillas...
 tras do Pedroso púxose Febo.

Coma pantasma cruzan as naves
 silbando salves e padrenuestros
 vellos e vellás que á Dios lle piden,

Él tan só sabe cales remedios;
 que cando o mundo nos deixa é soio
 cando buscamos con ansia o ceo.

Os pés da Virxe da Soledade
 de moitos anos nos conocemos...!
 a oración dixeran que antes dicía,
 fixen mamoria dos meus sacretos,
 para mi madre deixei cariños,
 para os meus fillos miles de beixos,
 pol-os verdugos do meu espírito
 recei... E funme, pois tiña medo.

EN CORNES

Fermoso campo de Cornes!
 cando te cobres de lirios
 tamén se me cobre a i-alma
 de pensamentos sombrisos;
 de Cornes lindo lugare,
 que cruzan tantos camiños:
 anque cuberto de rosas,
 as rosas tamén fan guizos.

Antre as pedras, alelises,
 antre os toxos, campanillas,
 por antre os musgos, violas,
 regos, por antre as cortiñas.
 Río abaixo está o moño,
 Compostela, río arriba...
 Río arriba, ou río abaixo,
 todo é calma na campia.

Convidando á meditare,
 soan de Conxo as campanas;
 beben os bois no teu río
 i-o sol alegre a escampada.
 Das tuas casas terreñas
 sai fume i-os galos cantan...
 Quen en tan fresco retiro
 dirá que as doores fan lama!

Donde hai homes hai pesares,
 mais nos teus campos, na terra,
 maxino que os hai máis fondos
 cando te amstras máis leda;
 porque eses tríos dos páxaros,
 eses ecos, i-esas brétemas
 vaporosas, i-esas frores,
 na alma triste, canto pesant!

Pol-as silveiras errante
vexo unha nenfa horfa
que triste vai marmurando:
—«Ña Virxe, quen rosa foral
Porque qués ser rosa, nena?—
Ile preguntei cariñosa,
i-ela contesta sprindo:
—Porque non tén fame as rosas.

Costa arriba, costa arriba,
desandémol-o camiño,
fuxamos de este sosego
dos pesares enemigo.
Que negro contraste forman
da natureza o tranquilo
reposo, co as ansias feras
que abaten o inxel esprito!

II

Cruceiro de Ramirez que te ergues solita-
[rio
dos Agros na espranada, antre as rosas dos
[campos:
o sol da tarde pousa en tí o postreiro raio
coma n-un alma triste pousa un soño dou-
[rado.

Algunha vez no estío eu ó teu pe sentada
escoito silenciosa, mentras a tarde acaba;
baixo das pedras mudas, que o teu segredo
[gardan
maxino que resoa o brando son d'un arpa,
música incomprensible, que de outros mun-
[dos fala!

Tal de Memnon se oían, ó amañecer, na
[estatua
aqueles sons diviños que ás almas encanta-
[ban!

III

Ódiote, campo fresco,
cos teus verdes valados,
cos teus altos loureiros,
i-os teus camiños brancos
sembrados de violetas,
cuberto de emparrados.

Odiavos, montes soaves,
que o sol poniente aluma,
que en noites máis sereas
vin ó fulgor da lua,
i-onde en mellores días
vaguei pol-as alturas.

E ti tamén, pequeno
río, cal n'outro hermoso,
tamén aborrecido
és antre os meus recordos...
Porque vos ameí tanto,
é porque así vos odio!

SAN LOURENZO

O mirar cäl de novo nos campos
iban á abrochal-as rosas,
dixen: «En ónde, Dios mío,
irei á esconderme agora!
E pensei de San Lourenzo
na robreda silenciosa.

N'algún tempo aqués vellos carballos
amostrando as suas raíces,
calvas e redondas copas
que xa de musgo se visten,
ás tristes almas falábanlles
tan soio de cousas tristes.

O alciprés que dereito se asoma
do convento tras do muro
i-o lixeiro campanario
cuberto de herbas e musgo
da debesa, co cruceiro
eran cintinelas mudos.

I-aquel Cristo que no arco de pedra
abatido a frente incrina,
soyo, cal se inda no Gólgota
loitase co as agonías
ós corazóns oprimidos
resignación lle infundía.

E si dentro do craustro deserto
e ruinoso penetrabas,
nunca do olvido unha imaxen
virás no mundo máis crara,
nin de máis grande silencio
na terra vos rodearas.

No profundo da fonte escondida
medraban con liberdade,
antre as silvas as violas,
antre o buxo as dixitales,
i-a morte, cal fora grata,
n'aquel deserto lugarel

E por eso ô mirar cal nos campos
de novo abrochan as rosas
dixen: En onde, Dios mío,
irei a esconderme agora!
I-ô bosque de San Lourenzo
me encamiñei silenciosa.

II

Onde estaba o sagrado retiro?
Percibin ruidos extraños
pedreiros iban e viñan
por aquel bosque apartado.
Era que unha man piadosa
coidaba ôs desamparados!

De unha ollada medín o interiore.,
todo relumbraba branco,
cada pedra era un espello
i-o vello convento un pazo
cuberto de lindas frores.
Que terrible desencanto!

Negra sombra anubrôu de repente
os meus ollos asombrados,
e máis que nunca abatida
fuxín!... Que o retiro amado
parecéume a alma limpa d'un monxe
sumerxida nos todos mundanos.

¡Adiós!

¡Adiós!, montes e prados, igrexas e cam-
[panas,
¡adiós!, Sar e Sarela, cubertos de enramada,
¡adiós! Vidán alegre, muiños e hondonadas,
Conxo, o do craustro triste y as soedades
[prácidas,
San Lourenzo, o escondido, cal un niño an-
[tre as ramas
Belvis, para min sempre o das fondas lem-
[branzas,
Santo Domingo en onde canto eu quixen des-
[cansa.
Vidas de miña vida, anacos das entrañas,
E vós tamén, sombrías paredes solitarias
que me viches chorare soya e desventurada.
Adiós, sombras queridas; adiós, sombras
[odiadas;

outra ves os vaivéns da fortuna
pra lonxe me arrastran.

Cando volver, se volvo, todo estará onde
[estaba;
os mesmos montes negros y as mesmas al-
[boradas
do Sar e do Sarela mirándose nas augas.
Os mesmos verdes campos, as mesmas to-
[rres pardas
da catedral severa, ollando as lontananzas;
mañ-os que agora deixo, tal como a fonte
[mansa,
ou no verdor da vida, sin tempestás nin bá-
[goas,
canto, cando eu tornare, vítimas da mu-
[danza,
terán de presa andado na senda da disgracia!

I eu... mais eu, nada temo no mundo,
que a morte me tarda.

VI

A ESCOLA DE ROSALÍA

ROSALÍA, é, inda mellor, os temas compos-
teláns de Rosalía, fixeron escola nas no-
sas letras. Realmente as roitas do noso flo-
recimento literario quedan ben sinaladas ô
xurdiren Pondal e Rosalía, un é o poeta hu-

manista, o clásico, que non deixa escola,
que vai exercer o seu infruxe, xa moi de
lonxe, nas xeneracións literarias do novo
século. En troques, a outra é o poeta folkló-
rico, froito esgrevio do romantismo que

exerce o seu próximo influxo sobre moitas xeneracións de poetas, deica o noso mesmo tempo.

No intre en que o xeito de Rosalía de Castro comenza á ser imitado en toda Galicia, Compostela recolle de un xeito moi craro o seu rol director no movemento literario que se estende. E son os liceos composteláns os que impoñen as modas literarias de Galicia, difundidas por todol-os rincunchos da terra cas xeneracións universitarias, e son as revistas composteláns, o máis activo axente da galeguización dos novos poetas exercida na lingua, nos temas e no mesmo espírito dos poemas, fronte ós influxos, cada vez máis febles dos poetas oficiais.

De aquela xurde un núcleo de poetas popularistas, moi acaroados á técnica dos «Cantares Gallegos», que, mesturando de cote os conceptos do enxebre e do popular, crean unha poesía apicarada, de inxenua retesía campesina. Entre eles anotaremos á Lamas Carvaxal, formado en Compostela e grande namorado da nosa cidade, i-os composteláns Benitiño Lousada e Pérez Ballesteros, acedo sabor paisán do noso rexurdimento. Outro núcleo; compostelanísimo, d'estes tempos é o do «Ateneo León XIII», abada de universitarios i-estudiosos, berce do «rexionalismo político», froito do tempo das veladas, dos Xogos Florales e das grandes revistas literarias. Entre estes poetas temos de anotar nomes insines da nosa cencia e do noso rexurdir, limpos prestixios da Galicia do XIX, que cultivaron moitas veces a poesía como unha gala máis na súa laboura galega. Entre eles, os máis afervoados por Compostela, os constantes cantores dos novas «armas» da cidade: Rodríguez Seoane, García Vázquez Queipo, Barcia Caballero e Don Salvador Cabeza de León que inda alenta co seu formidabile espírito mozo os nosos traballos de agora.

E inda quedan moitos nomes dos derradeiros do XIX, que ergueron as súas cantigas á gloria da cidade: Barreiro, Corzo, García San Millán, Clara Corral...

Toda escolleita eiquí ten de ser probe por incompreta. Por elo coidamos que abundarán dous exemplos. Unha poesía tipo Xogo Florales, de Lamas, i-un poemina, un pouco

becqueriano, de Barcia Caballero, impresión tristeira da chuvia compostelán.

VALENTÍN LAMAS CARVAXAL

O ESPERTAR O DÍA EN CONXO

O sol que doura soute e ribeira
sai esparcendo tesouros mil,
os regos bulen pol a pradeira,
brilan as frores da primavera,
tí solo, nena, faltas eiquí.

N'estas garridas, verdes alfombras,
unha manada de brancas pombas
á beber auga véñse deter:
i-a nobre filla de un estranxeiro
a cova sua i-un monasterio
cumprindo un voto mandou facer.

N'esta ribeira, sempre garrida,
do Sar lixeiro murmulador,
fai ó convento no que Rasuida
esconsolada pasou a vida
chorando a morte do seu amor.

Conxo, que garda de estes amores
a negra historia chea de doores,
será testigo do noso afán;
as dúas sombras dos namorados
que en vida foron tan acoitados
as nosas citas protexerán.

Fai San Lourenzo n'esa fondura,
Belvis erguido n'aquela altura,
ó pé do pobo sospira o Sar;
a Rocha durme n'unha ladeira
baixo dos mantos de unha silveira
pena nos anos que viu pasar.

Non sei que cousas estranas teñen
estes recordos que agora veñen
á confundirse no corazón;
en canto miro vexo poesía:
ven, miña xoia, que chega o día,
ven, meu arcánxel, que sai o sol.

Ven que te chaman os paxariños
con tenros cantos dende seus niños,
non te deteñas, ven pr'onda min,

que estes encantos da natureza
non son consolo pra esta tristeza
que sinto, nena, lonxe de ti.

XOHAN BARCIA CABALLERO

UN DÍA MÁIS DE CHUVIA

(1891)

Un día máis de chuvia,
un día negro máis,
que ven á impor o negro
reino da escuridá.
A chuvia contra os vidros
azouta o vendabal,
sacudindo as pingotas

con cansado compás.
De cando en cando, a brétema
pasa do vento en áas,
deixando seus anacos
nas silvas engarrar.
Os paxariños fóronse
nos niños á acochar,
fuxindo da friaxe
cheirenta da humidá,
As froles engruñadas
caidas cara o chan
parés que están chorando
bágoas de soedá.
Que negra é a tristura
que á alma ven á dar
un día máis de chuvia,
un día negro máis!

VII

POETAS DE HOXE

ESTA parte do noso Cancioneiriño, se non require xa comento hestórico, demanda, en troques, unha breve razón de método. Primeiro, porque dicir poetas de hoxe non é dicir poetas novos. E, despois, porque precisamentes o feito de mesturar baixo aquel rubro á escritores de diversas tónicas, baixo o pretexto da súa contemporaneidade non pode ser feito sin razón que o disculpe.

Os grandes poetas da nova xeneración, pol-a indole mesma da súa poética, non exercen o seu mester sobre temas composteláns. Recolleremos exemplos que son excepción, pero, en troques Amado Carballo, Manuel Antonio, Otero Espasandín, Fermín Bouza, non poderían proporcionarnos máis que, ó sumo, lixeiras alusións á Santiago. De feito, a nova xeneración reservou pra a prosa os temas composteláns e así, n'este intre, debeira trocarse o método da nosa selección.

Pol o demais, inda da xeneración que media entre os poetas dos «xogos florais» i a lírica actual, non escollemos máis que algúns exemplos. Faltan Eixán, Rodríguez Elías, Montero, o Marqués de Figueron, Cavada Vázquez, Posse, e moitísimos máis. Pero esta colleita ten un senso pedagóxico e procuramos coller exemplos típicos e pou-

co coñecidos. Non é unha antoloxía, senón un sinxelo «Cancioneiriño», ó xeito antigo, o que facemos.

Primeiramente van n'este apartado os poemas que se refíren á hestoria da cibdade. Estes temas foron os preferidos pol-a xeneración do modernismo e retornan hoxe co cultivo do romance. Non os ordeamos de acordo ca súa tónica poética, senón co desenrolo da vida compostelán. Así escomenzamos ca gabanza do Apóstol de Rodríguez González, e seguimos cos romances de Carlomaño e das pelerinaxes, pra rematar na cantiga estudiantil do «Don Pedro Verdes». Pra que esta ordeación respondese á tónica dos autores tería de situarse á Gómez Lado —vinculeiro da «Noite Estrelecida»— despois de Cabanillas. Estranará cicais a incursión de Julio Dantas. O seu romance da «Rafña Santa», escrito en Galicia, revela unha arela de galeguizar o linguaxe i a expresión, degoiro máis patente aínda se, como fixemos, se adoita á nosa grafía. Este feito i o galeguismo do gran lusitano xustifican que veña ó Cancioneiriño.

Siguen logo dous poemas que chamaríamos «de festa»: a «Panxoliña» de Taibo, evocadora do Nadal compostelán, e «Un novo

dia» de López Abente, que canta a festa de Galicia.

Derradeiramente veñen os «poemas do silencio», que revelan a visión de cidade en poetas mozos. En tres distintos xeitos desenrolan o mesmo tema Alvaro das Casas, Carballo Calero i-Euxenio Montes.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

O NOSO SANTO PATRÓN

(1927)

O noso Santo Patrón
é un santo tan modosiño,
que, con cabaza e bordón,
feito un probe peregrino,
recorre á pé o seu camiño
predicando a redención
con palabras de aloumiño.
Anda sempre homildosiño
e por onde quer que pasa
acóllenno con benzós.
Fala no nome de Dios
e na fé de Dios abrasa
as almas i-os corazóns,

.....

Non veu armado de espada
disposto pra matar mouros,
santo da barba dourada
e dos cabellos louros,
ten a bondá na mirada
e ten o perdón na boca
e ten o mel nos falares.
Co a súa virtude troca
os penedos en altares.....
I-así de lucencias cheo
e de tanto amor en pago
colga nas portas do ceo
«o camiño de Santiago».

Camiño dos camiños
por onde en horas tráxicas ou calmas
voan paxaros-almas.
¡A eterna procesión dos caladiños!

AVELINO GÓMEZ LEDO

(1926)

LENDA DE CARLOMANO

I

Folgaba Carlomano

Folgaba Carlomano do mundo emperador,
xa todo o mundo era seu escravo, e il señor.

Antre os liños i encaixes tranquio des-
[cansaba;
¡Todo ise mundo é meul, qué máis quero?,
[pensaba,

Alférez de Deus, corrín no meu cabalo
[trotón
de unha banda á outra banda, de nazon en
[nazon.

Todal as terras ceibes de mouros eudeixei;
o tempo de folgar chegoume, e folgarei.

II

A visión

Á través da fenestra, sen moverse do leito
viu no ceo un camiño, todo de estrelas feito;

Que talmente un fato somellaba de ovellas,
brancas i-amareladas, azúes e bermellas.

Da mesma mar de Frisia, relucentes saían
e cara Hespaña, á paso, paseniño, collían.

Á unha banda deixaban Alemaña e Italia
quedábanse ó outro lado a Franza i-Aqui-
[talia.

I-alá lonxe, moi lonxe, nas terras da Ga-
[liza
o gran fato de ovellas todo se inmoviliza.....

III

Lanzal como un piñeiro...

Unha vez no hourizonte viu bulir branca
[nube
e coidou se serían as azas d'un querube.

Non era, non, un anxo, que era un gran
[cabaleiro
montado n'un cabalo máis que o vento li-
[xeiro.

Cando chegou ó pazo e viuño cabod'il
xurara que non vira mocíño máis xentil.

Lanzal como un piñeiro, fermoso de fa-
[ciana,
tiña non sei que cousa de forma ultramun-
[dana...

Carlomano lle dixo con respeito e amor:
quén es ti e qué me queres, moi cumprido
[siñor?

IV

Fala o Apóstolo

Eu son antr'os Apóstolos o Apóstolo Sant-
[Iago
Boanergues me chaman, pol-o trono que
[fago.

Dei por Cristo meu sangue dispois de
[perdicar
seu nome, n'isas terras onde comenza o mar.

Alí meu corpo teñen n'unha cova ente-
[rrado
quixera que alí mesmo fose meu corpo hon-
[rado.

O camiño que viñes, ben calzado d'estre-
[las,
insinate o que debes facer... seguir tras
[elas...

I-en pago ós teus traballos pido á Noso
[Siñor,
no ceo un recantiño, na terra gran louvor.

RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ

AS POMBAS DO PERDÓN

(1925)

Dende terras de Aquitania,
senlleiro a pelengrinar,
do lume do sol runxido,
batido do vendaval,

apreixado do remorso
o corazón á sangrar,
vai, camiño de Sant-Iago,
Gaiferos de Mormaltán,
«de longas e brancas barbas,
ollos de doce mirar,
ollos gazos, leonados,
verdes como auga do mar».

Tempo da semán-maior,
da quinta feira ó scrán,
acorcobado e tremente
o corpo outrora lanzal,
vella alxuba desfiada,
bordón ferrado na man,
da poeira dos camiños
cuberto o pardo almofar
traspón a Porta Faxeira
Gaiferos de Mormaltán,
que á par dos reises da Francia
en honra da caste vai.

A filo da medianoite
as portas da catedral
envolveito en luz da lúa
e debruzado no chan,
está o vello pelengrino
vellas culpas a chorar.
Garnida de cruces d'ouro
a casulla peitoral,
a túnica de albo liño
que á lúa de prata fai,
en pé está Diego Xelmírez
alzadas ó ceo as mans.

Ó par que mouros pecados
dos beizos caíndo van,
da gracia ó sopro diviño
trocado en craro cristal,
o peito do penitente
deixa sair, á voar,
brancas pombas de miragre
que a caridade levían
atravesan en percuro
da solaina arcebispa,
onde en prisión de feitizo
ninguén de vel-as terá.
Cala o confeso n-un xordo,
derradeiro saloucar
e tende ó santo arcebispo
sóbor d'él, ollos e mans,

namentras o vento aruman
 verbas de dozura e paz:
 «Sete séculos pasados
 meu báculo sostera
 quen fillo da miña terra
 ten de amala como nai.
 Novas rosas na Galicia
 a frorir comenarán,
 que os tempos serán chegados
 de erguer o vello fogar.
 As pombiñas de miragre
 ceibes de novo, á voar,
 a tua estrada de gloria
 no craro ceo abrirán».

Ano de mil novecentos
 e vintecatro, ó mediar,
 de ser cumpridos os días
 houbo nos ceos sinal,
 Cando na noite calada,
 envolveitos no luar
 a escura arcada aboquedes
 da soláina arcebispa,
 detido o paso un instante
 tedes de sentir voar
 as pombas do peregrino
 Gaiferos de Mormaltán,
 «o vello das longas barbas,
 ollos de doce mirar,
 ollos gazos, leonados,
 verdes como auga do mar.»

JULIO DANTAS

A RAIÑA SANTA

(1925)

Vai romeira a Sant-Iago
 Dona Isabel de Aragón
 Raíña de Portugal.

En vez da fina escarlata
 das suas vestes reaes,
 traí un hábito de freira,
 un bordón de peregrina,
 os ollos cheos de lágrimas,
 e vai, curvada e humilde,
 pedindo esmola na estrada.

Corre o pobo dos lugares
 a ver pasar a raíña:
 non traí andas de brocada,
 non traí carroza real,
 arrástrase no camiño
 como unha probe mendíña,
 mais —oh miragre, oh miragre!—
 á cada paso que dá
 sobre os seus pés nascen rosas,
 e todo o chán que ela pisa
 —chán sagrado da Galicia—
 é un divino rosal.....

Ninguén dirá que é raíña:
 non traí coroa nin manto,
 e as suas telas de prata
 ficáran en Portugal...
 Nunca romeira máis triste,
 nin probe máis probesiña,
 vñu terras de Sant-Iago...
 E entretanto —oh maravilla!
 oh maravilla da graza!—
 como se ela propia fosa
 unha lámpada divíña,
 parece que se ilumina
 todo o ar onde ela pasa.

Ven amparada ao bordón
 e casi soia na estrada..
 Lirio d'oiro de Aragón,
 princesa de Portugal,
 onde están os teus arautos,
 o teu séquito real?
 Só ese frade velliño,
 só esas donas de negro?
 Ah, non ¡Prodixio do ceol
 ven con ela, a acompañala
 unha revoada de pombas,
 de pombas brancas de neve,
 e tantas, tantas e tantas
 que toda a estrada é un pomball

Eis que a raíña romeira
 chega, en fin, a Santiago...
 Ven recibila o arzobispo
 e todo o crero maior
 á porta da catedral.
 Debaxo do palio aberto

(Proseguirá).

Imprenta NÓS.—Hortas 10, Santiago.



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECEMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

De los Profesores

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca
mentras non adquiera as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA

HORTAS, 20

SANTIAGO